

RESOLUCIÓN REITORAL DO 27 DE MAIO DE 2025 POLA QUE SE PUBLICA A RELACIÓN DEFINITIVA DE SOLICITUDES ADMITIDAS A TRÁMITE NA CONVOCATORIA DE AXUDAS DO PROGRAMA DE PULO Á VALORIZACIÓN E TRANSFERENCIA DO COÑECEMENTO DO CAMPUS AUGA

Por Resolución Reitoral do 19 de maio de 2025 publicouse a relación provisional de solicitudes admitidas a trámite na Convocatoria de axudas do programa de pulo á valorización e transferencia do coñecemento do Campus Auga.

Transcorrido o prazo establecido para presentar reclamacións, esta Reitoría,

RESOLVE

Primeiro.- Aprobar a publicación da relación definitiva de solicitudes admitidas a trámite na Convocatoria de axudas do programa de pulo á valorización e transferencia do coñecemento do Campus Auga, que figura no Anexo I.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso ante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte a publicarse, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Non obstante, as persoas interesadas poderán optar por interpoñer un recurso potestativo de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non caberá interpoñer o recurso contencioso administrativo antes citado, namentres non recaia resolución expresa ou presunta do recurso de reposición de acordo co disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

O reitor

Anexo I

RELACIÓN DEFINITIVA DE SOLICITUDES ADMITIDAS A TRÁMITE

SOLICITANTE	PROXECTO
Astray Dopazo, Gonzalo	Intelixencia solar en Galicia: modelos de aprendizaxe automática para a irradiación solar global mensual. Inicio do camiño cara unha transferencia tecnolóxica
De la Torre Ramos, Laura	FortranAnalyser-desenvolvemento e promoción
Dos Santos Fernandes, Helena Raquel	Novos fontes de proteína a partir de insectos mediante tecnoloxías de baixo impacto ambiental
Gómez Armesto, Antía	Demostración da eficacia en campo de <i>Solanum sisymbriifolium</i> para a eliminación de quistes do nematodo da pataca
Rodríguez Toubes Muñiz, Diego	Análise da viabilidade operativa e comercial da ferramenta Renturs
Torrado Agrasar, Ana María	Validación do proceso a escala piloto de obtención enzimática de xilooligosacáridos prebióticos (XOS) e avaliación nun alimento real